

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 29 de NOVIEMBRE DE 2002**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 29 de novembro de 2.002, ás **ONCE HORAS**.

ASUNTOS

1.-Medidas que se han tomar en relación cos vertidos do buque “Prestige” nas costas da provincia.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 29 DE NOVEMBRO DE 2002.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 29 de novembro de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión extraordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

| | |
|-------------------------------------|------|
| DON JOSÉ BLANCO PAZOS | PP |
| DON JUAN BLANCO ROUCO | PP |
| DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ | PP |
| DOÑA PILAR CANDOCIA PITA | BNG |
| DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ | PP |
| DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA | PSOE |
| DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA | PP |
| DON ANTONIO ERÍAS REY | PP |
| DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA | PSOE |
| DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO | PP |
| DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR | PP |
| DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES | PSOE |
| DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO | PSOE |
| DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ | PSOE |
| DON CARLOS LÓPEZ CRESPO | PP |
| DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA | PSOE |
| DON JOSÉ LUIS PICO ESPIÑEIRA | PP |
| DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ | PSOE |
| DON FÉLIX PORTO SERANTES | PSOE |
| DON MANUEL POSE MIÑONES | PP |
| DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ | PSOE |
| DON MIGUEL PRADO PATIÑO | PP |

| | |
|------------------------------------|------|
| DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA | PSOE |
| DON AUGUSTO REY MORENO | PSOE |
| DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL | BNG |
| DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ | PP |
| DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ | BNG |
| DON MANUEL TABOADA VIGO | PP |
| DON MANUEL VARELA REY | PP |
| DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS | BNG |

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás once horas e cinco minutos, o Sr. secretario procede a le-la Resolución nº 18.001, do 20 de novembro de 2002, pola que se convoca sesión extraordinaria, con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.-MEDIDAS QUE SE VAN TOMAR TOCANTE ÓS VERTIDOS DO BUQUE PRESTIGE NAS COSTAS DA PROVINCIA.

INTERVENCIONES

Sr. Fernández Moreda

O pasado día 18 o grupo socialista solicitou a convocatoria dun pleno extraordinario para tratar sobre a situación creada polo petroleiro Prestige. Naqueles momentos descoñecía a auténtica magnitude da catástrofe, que se converteu xa no maior desastre ecolóxico e ambiental que sufriu Galicia, afectando a toda a nosa costa con graves repercusións sociais e económicas.

A nosa intención ó solicitar a convocatoria do pleno era que este se convocase con carácter de urxencia, xa sabiamos que hoxe se celebraría un pleno ordinario, pero entendiamos que a gravidade e a magnitude do que pasara, e as miles de persoas afectadas, esixían das Administracións públicas, non só a condena explícita do que pasara senón, o que é máis importante, a axuda inmediata ás familias afectadas e ós municipios que se encontraban desbordados, sen medios materiais e sen recursos.

Ende mal o goberno provincial non considerou este carácter de urxencia, non sabemos se por iniciativa propia, ou por imperativo partidista, pois esta decisión está moi na liña da actitude adoptada por outras Administracións, tamén gobernadas polo Partido Popular, que trataron en todo momento de minimizar o alcance da traxedia, manipulando mesmo os informativos dos medios públicos, tal como denunciaron os traballadores, negando a evidencia, coma o Sr. Cañete, ministro de Agricultura e Pesca, afirmando que non existía risco de contaminación marítima, ou mesmo utilizando eufemismos como “proliferación de manchas dispersas” para tratar de enmascarar a realidade dunha marea negra de efectos aínda imprevisibles.

Nalgúns momentos un lembra as épocas nas que para saber o que pasaba en España tiñamos que sintonizar a BBC ou Radio París; pois o control mediático, que se fixo para ocultar a realidade por parte dos medios oficiais, lembrounos tempos que criamos xa superados. Hoxe temos que percorrer a medios franceses e portugueses para coñecer a gravidade e intensidade da catástrofe.

Pensabamos, e seguimos pensando que o que pasou e segue a pasar, ende mal, xustifica a convocatoria dun Pleno extraordinario con carácter de urxencia, porque aínda que a deputación non ten ningunha competencia sobre o tráfico, seguridade e contaminación marítima, si ten que ver cos concellos afectados, e o ámbito da catástrofe fai que esta institución non poida quedar á marxe.

Miles de familias quedaron afectadas, centos de quilómetros de costa resultaron contaminados, e esta situación esixe que tódalas Administracións, teñan ou non competencias directas tocante a isto, decátense para atender a estas persoas que sofren, con rabia e impotencia, unha situación xerada, en gran parte, pola incompetencia, a incapacidade para tomar decisións e afrontar riscos por parte das autoridades competentes na materia, e o desconcerto, a ausencia total de medios, e a falta de coordinación que se puxo de manifesto ó longo de todos estes días. Foi tanta a incompetencia das autoridades responsables do operativo, que o que era un accidente se converteu nunha catástrofe de consecuencias aínda incalculables.

É importante pedir que se poñan os medios para evitar que no futuro estas situacións poidan repetirse; é importante solucionar con carácter de urxencia a situación dos afectados; é importante limpiar a contaminación da nosa costa e tamén é importante que os cidadáns se sentan acompañados e reconfortados na súa angustia, e para isto cómpre que tamén desde a deputación, con carácter de urxencia, fágaselles chegar este sentimento: aquí estamos nosoutros, contade con nosoutros, contade coa nosa axuda.

Non pretendiamos ó solicitar este Pleno extraordinario e urxente buscar protagonismos persoais e políticos, nin sequera debater sobre se as cousas se fixeran ben, ou

se poderían facerse doutra maneira. Entendemos que o noso papel na deputación, unha Administración que non é responsable de nada do que pasou, debe ser o de buscar remedios, o de propor solucións. Nin sequera na petición de convocatoria extraordinaria propuxemos unha resolución para debater, pois entendiamos que a proposta debería de ser conxunta; froito do compromiso de tódolos grupos presentes na deputación para demostrar que eramos capaces de ofrecer á cidadanía o que a cidadanía reclama, a unión de todos ante a catástrofe e a unión de todos para achegar solucións, outra cousa non sería entendida pola sociedade.

Unha vez decidido non darlle o carácter de urxencia, e visto o que pasou, é difícil substraerse á tentación de pedir explicacións e esixir responsabilidades. Desde logo, se alguén quixera contaminar toda a costa non faría máis do que se fixo, máis non se podería facer. Soubemos que dous conselleiros da Xunta de Galicia, un deles o de Ambiente, xunto co presidente, decidiron irse de cacería antes de atender o que é a súa responsabilidade e o seu compromiso con Galicia. Non é este o foro onde deben darse explicacións, pero si no que debe de quedar constancia da nosa reprobración por estas conductas. Tampouco é este o foro adecuado para pedir explicacións, pero si para expresar a nosa reprobación ante decisións como trasladar o remolcador Alonso de Chaves desde o porto da Coruña ó de Xixón sen ningunha explicación, sen ningún criterio que vaia máis alá de pensar que se debe ó que o entón vicepresidente do goberno, hoxe ministro de Fomento, é natural de Xixón. Teremos que preguntarnos cómo é posible que se reduciran os medios e efectivos da Sociedade de Salvamento Marítimo, reducindo á metade os remolcadores que había no ano 1997, ningún deles coa potencia suficiente para remolcar un buque coma o Prestige. Teremos que nos preguntar, e ó menos deixar constancia da nosa preocupación e reprobación, por quen dirixiu o operativo que tolera o errático paseo dun barco soltando fuel por toda a costa, agardando a que armadores e remolcadores se puxeran de acordo sobre prezos e servicios. Teremos que preguntarnos por que non existen medios preventivos, dado o tráfico marítimo que pasa polas nosas costas. Teremos que preguntarnos por ausencias inxustificadas, visitas tardías, ausencia de medios anticontaminantes, pola desorganización e a coordinación, a ineptitude e a manipulación da información. Tempo haberá para todo isto, e os responsables terán que dar explicacións e asumir responsabilidades perante o Parlamento Galego e español, pero que quede constancia aquí da nosa indignación como cidadáns e como representantes da cidadanía.

¿Que é o que demandan agora os cidadáns? Pídenos solucións ante un problema que afecta gravemente á súa forma de vida, é toda unha filosofía de vida, toda unha forma de entender o mundo, de relacionarse, a que resulta afectada, na costa non se concibe a vida sen o mar. Non me refiro só a mariscadores, mariñeiros e armadores, senón tamén a asentadores e comercializadores de pescado e marisco, ós transportistas, ós profesionais do sector turístico e hosteleiro das zonas afectadas, e tamén a aqueles que, ende mal, van

quedarse fóra dos circuítos oficiais de axuda, e que deben de ser atendidos a través dos servizos sociais dos concellos, sería inxusto esquecerse deles.

Non existe ningún lugar no planeta que fora castigado tantas veces e con tanta intensidade, con sucesos similares ós ocorridos nas nosas costas, e non hai lugar no planeta que tendo os tráxicos marítimos que aquí existen, teña tanta precariedade de medios. Certo que estas carencias se poden explicar facilmente se atendemos ás respostas ofrecidas de forma maxistral polo Sr. conselleiro de Pesca e Marisqueo, nunha entrevista aparecida na prensa galega o pasado día 25, na que preguntado sobre as razóns polas que non hai en Galicia, dado os tráxicos marítimos e o historial de sinistralidade, grandes remolcadores e buques especializados en vertidos, responde que non está xustificado ter un barco especializado por un accidente que pode haber cada dez anos. Así se entende, con esta filosofía, como hai menos remolcadores, como hai menos gardas civís, como hai menos policía, como non hai medios para combater a contaminación, e como se desmantelan e privatizan moitos servizos públicos esenciais. De seguir así, desmantelarán o corpo de bombeiros, total ¿para que o queremos se non hai incendios tódolos días?

Gracias a Deus, non pensan así os países do noso arredor, que a pesar de ter menos quilómetros de costa e menos tráfico, si dispoñen de buques especializados, países ós que debemos de agradecer que os puxeran ó noso dispor para combater esa chamada “proliferación de manchas dispersas”, por non dicir o seu nome auténtico, a marea negra que arrasa a nosa costa.

Pensamos que hai que acabar coa resignación, isto non ten que pasar, non é inevitable que teña que pasar, e tamén a deputación debe deixar oír a súa voz, e debe de haber un clamor popular que surxa das entrañas do pobo, que diga “basta xa, nunca máis”, e aproveito para invitar a tódolos deputados a acudir á manifestación en Santiago para pór de manifesto a repulsa das cidades galegas ante esta situación, ante a carencia de medios, e á situación de inoperancia dos gobernantes, que converteron un accidente, o que era un accidente convertérono nunha catástrofe dunha magnitude aínda imprevisible.

Temos a obriga de facernos oír todos, institucións, partidos políticos, sindicatos, asociacións de todo tipo, cidadáns a título particular, todos temos non só o dereito, senón tamén a obriga de esixir as medidas necesarias para evitar que isto sexa de novo inevitable. Hai cousas que non dependen de nosoutros, e debemos de facernos oír para que se fagan, pero hai outras cousas que si dependen de nosoutros, que dependen de situacións que se toman aquí, en Galicia, e gobernar é tomar decisións e priorizar, e non é razoable, nin xustificable, que un goberno destine 210 millóns de euros, 35.000 millóns de pesetas, a unha cidade da cultura, que ninguén reclama, non sexa capaz de dotarse das infraestructuras e os medios necesarios de seguridade e salvamento marítimo, acordos coa nosa situación xeográfica e o tráfico que a diario navega polas nosas costas. Os galegos, a Xunta, tamén a

deputación, temos que esixir do goberno de España e da Unión Europea a posta en práctica dunha regulación estricta que impida ós buques con pavillón de conveniencia, eludir as normas e controis en materia de seguridade marítima e laboral. Debemos de esixir que se adiante a data na que se esixa a obrigatoriedade do dobre casco nos buques que transportan mercancías perigosas. Debemos de esixir a revisión e aplicación estricta das normas internacionais relativas á formación das tripulacións e das condicións de traballo, estamos cansos de ver tripulantes sen ningún tipo de formación e con contratos en precario. Debemos de esixir a revisión e aplicación estricta das normas internacionais relativas á formación das tripulacións e das condicións de traballo, estamos cansos de ver tripulantes sen ningún tipo de formación e con contratos en precario. Debemos de esixir que os buques que transportan mercancías perigosas naveguen máis afastados das nosas costas. Debemos de esixir que non se desmantele o servizo de salvamento e seguridade marítima e que se aumenten os medios naturais e humanos destinados a realizar labores de prevención, control, seguridade, salvamento e loita contra a contaminación. Debemos de esixir que se instale nesta cidade a sede da Axencia Europea de seguridade marítima, ¿en que outro lugar de Europa se pode asentarse? E isto é un tema urxente que haberá que decidir xa, porque tanto o presidente do Goberno coma o Sr. Chirac, coma o Sr. Schröder, pediron á Comisión Europea e á Presidencia da Mesa da Unión Europea, que no vindeiro Cumio Europeo se trate como tema prioritario o tema da seguridade marítima, no cumio que se celebrará en Copenhague os días 12 e 13 de decembro. Debemos de esixir que se declare toda a zona catastrófica, dicía o Sr. Fraga, cando o accidente do Mar Exeo, que se había catástrofe, tiña que haber zona catastrófica. Hoxe, por desgracia, a catástrofe é maior, e a declaración como zona catastrófica está máis xustificada.

A deputación debe de reivindicar estas medidas para evitar que no futuro volvan a producirse situacións coma a do Prestige, pero hai cuestións que non son de futuro, que son de agora, e que son urxentes, e que fai relación á situación dos afectados, familias e concellos, e a deputación pode e debe impulsar unha iniciativa política, conxuntamente coa Xunta de Galicia para atender urxentemente esta situación.

Hai algo que caracteriza ás corporacións locais por encima de calquera outra Administración, e é a inmediatez, a inmediatez e a axilidade na toma de decisións e a súa proximidade ós cidadáns e ós seus problemas. E esta é unha situación na que debemos de ser rápidos e imaxinativos na busca de propostas que se poidan aplicar de forma inmediata.

Oímos reiteradamente estes días pasados a responsables políticos e autoridades o compromiso de establecer subvencións e axudas ós afectados, e o que ía ser atendido en novembro, pasa logo a decembro, e mesmo o presidente da Xunta na súa serodia visita á zona máis gravemente afectada, anunciou a promesa de incorporar 60 millóns de euros ós orzamentos da Xunta para o vindeiro ano para atender ás necesidades e problemas

orixinados polo Prestige. Entendemos que non debería de pospoñerse nada do que se poida facer hoxe, e hoxe, se existe vontade política, poden facerse moitas cousas.

O grupo socialista, ademais de formular tódalas reivindicacións que propón nunha moción que presentou, propón un plan de actuación inmediata para paliar os efectos da catástrofe por importe de 30 millóns de euros. Para isto non hai que habilitar ningún crédito, non hai que deixar de atender ningunha das obrigas contraídas pola deputación, non hai que paralizar ningún dos investimentos previstos, simplemente ofrecerlle á Xunta de Galicia, ó seu presidente directamente, un pacto para destinar a esta finalidade os recursos que existen, e que son recursos ociosos que agardan dunha sentenza xudicial, por un contencioso entre a Xunta e a Deputación. Isto é viable, é factible, depende dun acordo político entre a Deputación e a Xunta, é simplemente unha cuestión de vontade política, e a finalidade sería anticipar ó Goberno de Galicia, con carácter inmediato, a metade do diñeiro que pretende destinar no orzamento do vindeiro ano para atender con carácter de urxencia a tódalas reclamacións e tódalas demandas que están presentando as persoas, familias e concellos, tería ademais un custo cero para ámbalas institucións, posto que recuperaríamos ese diñeiro ó presentarnos como afectados no proceso de reclamación de indemnizacións, e ó ter estas axudas o carácter de anticipo a conta das indemnizacións que se reciban. Todo isto pode facerse con carácter inmediato mediante un expediente de emerxencia, e depende dun acordo político entre a Xunta e a Deputación, esixe traballar, máis nada, traballar, e é posible facelo, e neste diñeiro, neste plan de actuación inmediata, debe de atenderse con carácter de urxencia tamén a aquelas persoas e familias que non van entrar dentro do reparto de axudas oficiais que se van dar xa, e refírome ó sector do arrastre, ó sector de compravenda de peixe e marisco, e ós traballadores da lonxa, que van presentar xa expedientes de regulación de emprego, vai haber despedimentos, van quedar sen traballo, van quedar sen ingresos, e ó sector da acuicultura, e isto esixiría o crear unha oficina de reclamación en cada municipio.

Este plan que parece desatinado polo importe por 5.000 millóns de pesetas, é factible, sería unha operación de Tesourería, é un acordo político, e de quererse pódese facer, non hai que facer ningún expediente, a través dun expediente de emerxencia, logo xustificariáase despois, e tería un custo cero, porque nos presentaríamos como afectados para recuperar esas axudas que hoxe estamos anticipando. Esta é a proposta que o grupo socialista propón neste Pleno extraordinario, convocado non con carácter de urxencia, como nosoutros queríamos que se convocase, e que xunto coa moción que presentamos, e que recolle máis dos aspectos que formulei na miña intervención, sería a proposta que o grupo socialista fai neste pleno extraordinario para tratar das consecuencias orixinadas por mor da catástrofe do Prestige.

Sr. Rodríguez Doval

A imaxe da carpeta do expediente para a convocatoria deste pleno é tremendamente indicativa de cómo se está xestionando esta cuestión pola parte que lle toca á institución na que estamos debatendo. A imaxe da carpeta deste pleno estaba baleira, a imaxe da carpeta deste pleno máis nada que tiña unha solicitude dos compañeiros deputados do grupo socialista, pero dentro desta carpeta nin sequera figuraban dúas mocións presentadas os días 18 e 21 deste mes, relativas a este tema, e moito menos figuraba outra moción da que se nos acaba de facer entrega neste momento por parte do grupo popular nesta deputación. Esa é a forma na que se está abordando este tema, e que eu creo que é indicativa dalgún dos aspectos ós que me quería referir un pouco máis adiante.

Nosoutros non entendemos como celebrándose unha comisión o pasado día 18, como habendo un compromiso político, non podería ser menos, de que se convocara ós voceiros dos grupos políticos para ver cál é o papel que lle correspondía a esta deputación, para ver se tiñamos que unificar criterios, para ver se tiñamos que actuar, para ver se a institución provincial tiña que participar nalgún tipo de dispositivo. Non entendemos como desde o día 18 en que había ese compromiso, polo menos o noso grupo político, e entendo que tampouco o resto, non fomos chamados nin para ser informados, nin para consensuar, nin para debater absolutamente nada.

Polo tanto hoxe estamos aquí con nada, convócase un pleno e eu dicíalle hai pouco ós compañeiros, cando estabamos mirando cómo saliamos deste absoluto despropósito que é a convocatoria e a celebración deste pleno, estaba preguntando que é en realidade o que iamos acordar aquí, porque aquí xa se falaba de se debatemos e despois as mocións aprobámolas no pleno ordinario, é dicir, é un absoluto despropósito, e claro, as formas, na política, igual que no resto dos ámbitos da vida, son importantísimas, porque indican o interese e a capacidade que ten quen ten que conducir situacións coma estas, que son situacións anormais, que son situacións excepcionais, agás que se pense que non o son, porque despois pola práctica que se ve, parece que non o son, mesmo parece que son menos excepcionais e mesmo parece que son menos normais que calquera punto da orde do día que poida vir a este pleno, se un se guía pola forma en que se ve que se está xestionando isto.

E, polo tanto, nosoutros queremos empezar dicindo que a Deputación da Coruña, o grupo de goberno da Deputación da Coruña está facendo, nestes dezaseis días que van desde o comezo desta traxedia, deixamento claro da súa responsabilidade, da súa responsabilidade delimitada ademais por lei, xa non vou ás responsabilidades sociais das que despois falarei.

Se é certo que as competencias desta deputación, desta institución provincial, son as de complementar, as de axudar ó cumprimento da función dos concellos, no caso que nos

ocupa é evidente que esta Deputación da Coruña estivo, polo que nosoutros sabemos e polo que se vai evidenciar aquí, total e absolutamente de costas á problemática dos concellos.

Un non entende moi ben que abrindo o mapa, collemos o mapa, este mapa famoso que ten editado a Deputación da Coruña, se abrimos o mapa encontrámonos con que desgraciadamente o ámbito de acción, o ámbito de impacto da marea negra, desta catástrofe que estamos vivindo perante un problema no que se entendería que, efectivamente, esta deputación que ten ese ámbito provincial actuase porque tódolos concellos que estamos nesa área que colle a costa da provincia da Coruña, estamos afectados desde as vías de Muros e Noia ata a costeira que abrangue a zona de Ortegá, collendo a Costa da Morte, as rías de Ares, as rías da Coruña ou a propia ría de Ferrol e, polo tanto, é evidente que esta ausencia por parte da deputación do que xa se dixo antes, e nosoutros corroboramos, que é unha das maiores catástrofes a nivel do que supón a contaminación mariña, é moito menos ca esperpéntica.

Pero claro, estamos hoxe aquí no Pleno desta magnífica institución que sempre apoia ós concellos, debatendo o tema, como se dixo, dezaseis días despois de que ocorrera o principio desta desfeita, e aquí estamos, e o que é peor para nosoutros ademais, sen que se fixera un mínimo exercicio, un intento de falar, de reflexionar e de arbitrar, de ser capaces de pór enriba da mesa, cousa que, por certo, si se fixo noutras institucións, porque houbo capacidade política para liderar a crise, para liderar o goberno da crise, e aquí non a houbo. É dicir, nosoutros confiábamos, eu confeso que mesmo me dirixín ás miñas compañeiras para ver se é que non me chamaban a min, que é que se chamaba a outra xente, despois do día 18, e sobre todo teño que confesar que eu viña crido de que hoxe, antes de que se celebrase este pleno, habería unha reunión de voceiros, habería un encontro para que foramos capaces de consensuar un acordo, porque iso pasa ata no pleno máis pequeno, mesmo de interior, onde non teñen costa.

Pois aquí estamos neste pleno, con tres mocións, segundo parece, eu xa non o sei se hai tres mocións, con propostas para tódolos gustos, pero desde logo sen practicar ese exercicio de debate previo que tiña que haber e que tamén é un exercicio de responsabilidade, e ese exercicio de responsabilidade tía que liderar quen preside esta deputación e non, creo eu, os grupos da oposición, porque os grupos da oposición xa pretendemos facer a nosa iniciativa a través de sendas mocións que viñeron aquí, non con ese carácter urxente, naturalmente, que tiña que ter. E, polo tanto, só parece que hai unha explicación a esta especie de parón, a esta especie de preocupación, que nosoutros soamente encontramos no que é a clave de todo este conflito, que é intentar que se tape. E, polo tanto, esta deputación en lugar de poñerse como reflexión, como bandeira dos intereses da cidadanía, desde logo parece que se pon máis noutro campo que é evitar que se fale moito do tema e, desde logo, parece que hai moitísimo medo a asumir a realidade para que non se afronten tamén as responsabilidades, que as hai ademais, e de todo tipo.

Nosoutros, Sr. presidente, como dixo o compañeiro do grupo socialista, xa sabemos que este non é o foro que vai resolver este tema, ¡Deus me libre! ademais, que tiveramos que ser nosoutros, porque iamos aviados. Sabemos que nosoutros non temos competencias en tráfico marítimo, nin en salvamento marítimo, sabemos que non temos competencias en materia de loita contra a contaminación, ou de rexeneración das zonas afectadas, pero queremos supoñer, pola parte que nos toca, que nos preocupa un conflito, que nos preocupa unha catástrofe, que está afectando ó tecido social, que a sociedade lle está a pedir a todo o mundo que alguén diga algo, que opine, que se manifieste, e que poña no caso dunha institución, o que ten que pór pola parte que lle corresponde.

Se a isto unimos que o espacio físico, e aínda que o mar é de todas e de todos e o mar é, digamos, non é de ninguén, non é de ningún país, é un ben que temos no conxunto do mundo, é evidente que neste momento, ende mal, o que está afectado, o que está impactado é xustamente o ámbito da costa que pertence á provincia da Coruña. Polo tanto, habería centos de razóns para que aquí houbera unha atención fulminante, non rápida, senón fulminante.

Claro, aquí sempre se di que somos o concello de concellos, ben, ¿de que concellos somos o concello?, ¿dos concellos da Costa da Morte onde levan 16 días que practicamente o fuel entra nas vivendas?, ou dos das rías de Muros e Noia que ven o temor de que poida entrar o fuel, e non teñen incluso as medidas mínimas para loitar e asisten a un espectáculo dantesco, e eu penso que non soamente dantesco polo impacto da catástrofe, senón pola ineptitude política na xestión da catástrofe que se está vendo ou do conxunto da provincia de determinadas zonas que teñen que asistir como convidados de pedra a que se impoñan determinado tipo de empresas de carácter privado que nin sequera teñen a cualificación mínima, e prohibese ós centos de persoas que si terían mesmo nalgúns casos, e eu falo do que sei, en concreto da zona de Ferrol, moito máis capacitadas mesmo ca esta empresa privada, ¿que pasa?, que non interesa que os cidadáns estean encima das praias para que vexan realmente o impacto da catástrofe. ¿A vostedes non lles parece que ser concello de concellos sería situarnos na bandeira de loita en contra deste tipo de agresións, e sobre todo polo impacto, non soamente de carácter ecolóxico ou natural, senón que vai ter tamén no ámbito económico e que vai durar moitísimo tempo?, ¿de que somos concellos de concellos neste tema?, ¿de que somos?

Eu creo que aquí, Sr. presidente, confúndese, como se confunde sempre que pasan cousas destas, e no noso país sempre é igual, confúndese que un é dun partido determinado, e casualmente coincide que quen ten que gobernar a crise é dese mesmo partido, e o que a cidadanía sempre interpreta como que é bo que as institucións sexan da mesma cor política, para que haxa maior sintonía, iso convértese sempre no noso país nunha desgracia, ¿sabe por que?, porque en lugar de convertirse esta institución nunha defensora, no órgano que

recolla e que irradia as demandas da cidadanía para obrigar os gobernos a que actúen doutra maneira, o que facemos é de testaferrós dos gobernos no silencio. Ese é o papel que está cumprindo esta deputación.

Polo tanto, eu asumo e asino aquí rotundamente que seguramente, se a cor política de institucións do Estado e das institucións da Xunta de Galicia, non fora o mesmo có da Deputación da Coruña, outro galo cantaría, por iso estamos hoxe aquí, 16 días despois, sen saber do que discutimos.

E queremos dicir, Sr. presidente, que para nosoutros, exercer a crítica, demandar unha política informativa transparente, esixir a depuración de responsabilidades, non se pode utilizar para cualificar esta actuación co termo preeiro que eu lle escoite a algún representante do goberno español. Exercer a crítica, delimitar responsabilidades, pedir unha política informativa transparente, que saibamos que é o que temos aí, é o mellor exercicio da democracia real, non da democracia controlada. A democracia está viva cando hai capacidade para lle dicir as institucións que teñen que cumprir co seu obxectivo, que teñen que informar ben, que teñen que cumprir as súas responsabilidades, e tamén mesmo nalgún momento determinado que ten que demitir alguén. Ese é o mellor exemplo da democracia real, da democracia viva, e iso non é preerismo político, iso é a democracia e é ademais a mellor garantía de que a democracia está consolidada. Cando hai que facer alegacións nunha institución, como é o Congreso dos Deputados, ou por qué se pida unha Comisión de Investigación, estase utilizando con prea un tema, a min pónense os pelos de punta, porque desde logo non penso en absoluto en democracias consolidadas, penso noutro tipo de réximes, que crin que estaban superados. Polo tanto, de preeirismo nada, estamos aquí para facer o que temos que facer, coa responsabilidade do que temos que facer. E por iso xustamente o noso grupo entende, como a maioría da cidadanía, que nesta traxedia non temos todos o mesmo nivel de responsabilidade, o BNG asumirá o seu, en ser responsable nas propostas que se fagan, nas actuacións que se fagan, nas cousas que se digan tamén, pero o nivel de responsabilidade nesta crise, nesta catástrofe, sobre todo na xestión da catástrofe, non é o mesmo todo o mundo. Porque senón, a ver se lle imos dicir á cidadanía que isto é un mal diviño, ou un mal maligno, que chegou o demonio, e que escolleu un sitio, púxolle o dedo, e aí que afonden os barcos, e nosoutros que lle imos facer, en lugar de ser de cada dez anos, que sexa cada doce. Non, non é iso, isto non é ningunha coincidencia, nin as estrelas se puxeron aí para que pasara todo isto.

Eu creo que o conxunto da cidadanía é moito máis aguda do que se denomina clase política, e sobre todo, os nosos dirixentes, ven ás veces. A sociedade, o conxunto da cidadanía, neste momento desbordouse a través de mil fórmulas de opinión, de debate, de posicionamento, desbordou a xestión dunha crise que no día de hoxe, aínda non se sabe cómo a esta gobernando quén a está gobernando, e eu animo ós compañeiros e compañeiras, simplemente, e ós que nos están escoitando aquí, a que simplemente miren os

medios de comunicación, que revisen tódalas barbaridades que se dixeron, desde o día 13 ata o día de hoxe, e que pensen se non ía sendo hora xa de que alguén dixera, “miren, señores, eu equivoqueime, e polo tanto que pase outro que saiba máis ca min, ou que saiba xestionar”, pero non, aquí non pasa nada, aquí solidifícase o petróleo, e solidifícase a información, que está tamén polo menos a que se transmite oficialmente, solidificada, aínda que parece que algunha se está desfacendo, e xa saen por aí os informes oficiais que din que o que se está dicindo non é o que se dixera, ou non sei se os problemas que di o Sr. Fraga que pode ter o contido do fuel nos ten que pór tamén os pelos de punta para saber se realmente estamos, mesmo ante unha catástrofe, a nivel do que é saúde pública, moitísimo maior do que pensabamos.

Pero desde logo, eu creo que a sociedade está desbordando esa pasividade que teñen as institucións públicas, institucións públicas que sempre están afeitas a solucionar todo este tipo de situacións a golpe de manipulación informativa, ou a golpe, máis noxento, da visualización do cheque, e dicindo aquilo de que nosoutros traemos diñeiro e non palabras. Iso é ó que estabamos afeitos, pero xa non é así.

E eu creo que, como dicía o noso insigne poeta Pondal, que efectivamente aquí soamente non entenden isto “os imbéciles e escuros”, e que ninguén se dea por aludido, estou collendo un trozo de poema Os Pinos.

O ministro de Fomento parece que é o único e o que máis directamente quixo asumir, ou dixo que asumía, a xestión desta catástrofe, indicaba o outro día que estabamos ante un reto da natureza. Eu non sei se o reto da natureza é o accidente, é a xestión que se fai da natureza, ou o reto da natureza é o que o ministro de Fomento espera que se produza para que ante a incapacidade por que haxa actuacións políticas para solucionar todo o que está pasando, sexa a natureza quen se encargue de novo, como tivo que facer en tres ou catro ocasións no noso país, de resolvelo todo. A natureza, chegará un momento, como sempre lle digo eu á miña filla, que se vai cabrear, e esquecerase do seu reto, e pasaranos factura, ou máis factura da que nos está pasando. Pero eu creo que, efectivamente, isto non é un designio da natureza, isto non é un reto da natureza isto é o resultado de decisións tomadas polas autoridades competentes, e non precisamente de decisións atinadas, senón de decisións total e absolutamente equivocadas.

Díxose aquí que estamos nunha zona onde nos últimos 32 anos se produciron sinistros con tanta reiteración e con efectos tan perniciosos para o sistema e para a nosa economía, como foi o Andros Patria, como foi o Casón, como foi o Mar Exeo e como é agora o Prestige, e algún que queda polo medio, que tivo menos impacto, pero que se podería meter nese paquete. Se estamos nesa situación, se o noso país está situado, se temos ese problema aí, que non é un designio da natureza, senón o resultado dunha política planificada, de que os barcos pasen para onde pasen, e de que pasen nas condicións nas que

pasen, se sabe, ¿e moi desatinado pensar que con esa situación debera de existir un plan rigoroso de control de tráfico marítimo, ou de actuación rápida e coordinada para este tipo de situacións?, ¿é moi desatinado pensar iso?, ¿ou é moi desatinado pensar que existan operativos, remolcadores, ou buques de loita contra a contaminación, ou operativos humanos dotados e tecnicamente preparado para situacións de catástrofe?, ¿é moi descabelado pensar niso?

Un diario galego, aínda revelaba, paréceme que hai tres ou catro días marcaba o conxunto de efectivos que están situados, tanto humanos como técnicos, como barcos neste caso, que están situados para atallar a crise, e toda a cidadanía vía con estupefacción os barcos de Holanda, os barcos de Francia, e algún pequeno apoio dalgún barco de España que chegou tarde, mal e a rastro, e algún deles tamén que se estropeou. Díciame o outro día unha persoa que traballa na torre de control, non vou dicir o nome porque, entre outras cousas, hai unha censura moi forte, como se sabe, ante os traballadores que están xestionando neste momento hai unha censura moi forte e moi férrea neste momento, de que non digan absolutamente nada, a min díxome a título coloquial, e entón díxome: “Mira, o mellor dos remolcadores que hai avarióusenos ó recoller trancos no mar”, entón claro, se se avaría un remolcador collendo trancos no mar, que lle pode pasar tendo que remolcar un barco das características do Prestige. Pero revelaba este informe ó que me refería antes, que efectivamente aquí non aprendemos absolutamente nada, nestes 32 anos aquí non se produciu un impacto para que a capacidade dos gobernantes levara a que se dotara de maiores medios para atender, por unha banda ó que ten que ser para nosoutros o fundamental, que é a prevención deste tipo de catástrofes, e despois, evidentemente, no caso de que se poidan producir, para atender á mellor xestión deste tipo de catástrofes, e eu creo que o exemplo, comentábao tamén antes o voceiro do grupo socialista, o Alonso de Chaves, o remolcador con maior potencia, xa non está situado nas costas galegas, xa está situado nas costas asturianas. A un que vive nunha zona onde hai asteleiros que tiveron que votar xente á rúa, e que tiveron que mandar xente a casa prexubilada nos mellores momentos do seu traballo, ocórreselle pensar -somos utópicos aínda-, ocórreselle pensar se non sería unha forma de mellorar a nosa economía que determinados asteleiros da ría de Ferrol puidesen construír barcos de dobre casco, remolcadores de gran potencia, porque o mar, como di un compañeiro meu, sempre vai estar aí, haberá barcos de dobre casco, triple casco, monocasco, pero o mar sempre vai estar aí, polo tanto, hai que crear medios para que estas catástrofes non acontezan.

E nosoutros pensamos, e vou ir terminando, que efectivamente, como todo este tema é unha cuestión de carácter político, non vaíamos caer no erro de pensar que agora de política nada, o importante é xestionar a crise, de política nada, que non se metan os partidos políticos, sería como pensar, efectivamente, como se pensaba naqueles momentos iniciais, cando houbo outras catástrofes, que o petróleo se disolvía con dispersantes. Non lle transmitamos nosoutros á sociedade dispersantes ideolóxicos, créndose que aquí o malo de

todo isto será que meténdose os partidos políticos que serán, supoño eu, a expresión da sociedade organizada, sirva para que as institucións que, por certo, gobernan os partidos políticos, saquen, como se di no refrán, fagan da necesidade, virtude, e saquen de situacións como estas, cousas en positivo. E, polo tanto, nosoutros o que pensamos é que aquí hai un tema de moita importancia e moita transcendencia política, un é a falta de medios e a incapacidade, e outro deles o medo a enfrontarse coa gran mafia que neste momento, a nivel económico, move todo o tema das grandes compañías de armadores, na cal non me vou estender porque os medios de comunicación, polo menos algúns, estanse facendo eco de saber cómo e en qué condicións se está facendo o gran negocio co petróleo en todo o mundo.

Nosoutros temos unha moción presentada, e vou ó concreto, Sr. presidente, cunha serie de cuestións, esta moción presentouse o día 21, é certo que aquí, desde o día 21 ata o día de hoxe variaron algunhas cousas, o espírito da nosa moción creo que recolle o contido do que, desde diversas esferas, desde diversos foros, e non soamente políticos, senón tamén sociais, nosoutros pensamos que se recolle todo iso e, polo tanto, dado que non hai proposta dentro dese expediente que se trae a pleno, pensamos, presentamos mellor dito a nosa moción a debate, consideramos que a nosa moción contribúe a este debate e, ademais, cremos que dado que hai unha moción que presenta tamén o grupo socialista, e outra que se nos acaba de entregar neste momento, se habería que facer un exercicio de responsabilidade, pero tamén un exercicio de certo consenso para procurar que o que se sacase hoxe de aquí recollera tódalas cousas que nos poden satisfacer a todos e todas os que estamos aquí, e vou facer unha chamada ó grupo popular desta deputación, e especificamente ó Sr. presidente, que é un home de mar.

Supoñemos, por un momento, que vostede, Sr. presidente, e o resto dos membros do seu grupo, ábrese, eu xa sei que é moi difícil, eu tamén pertenzo a un grupo político, o meu grupo político ten disciplina, ten actuación, pero supoñamos, supoñamos só por un momento que vostedes se abren o corsé, corsé que, desde o meu punto de vista, estaos metendo a vostedes nunha especie de calexón sen saída para levar a defender cousas que -desde o meu punto de vista, e podo estar equivocado, estou dando a miña opinión e do noso grupo-, son indefendibles. Supoñamos que vostedes deixan ese corsé e ábrese ó que está opinando o conxunto da cidadanía, é dicir, que opinan como cidadáns de a pé, non do PP, de a pé, dos que camiñan, cidadáns normais, -non quero dicir que os do PP, quero matizalo, non sexan normais, todo o contrario, son iguais, enténdome aínda que pareza un xogo de palabras-, o que di a cidadanía normal. Supoñamos que vostedes, como seres humanos que viven aí, moitos alcaldes dos que están aquí hoxe sentados viviron a crise moito máis próxima, ou están vivindo moitísimo máis próxima do que a estou vivindo eu, e eu realmente escoitei palabras dun alcalde, que non está hoxe aquí, pero que formou parte da deputación, que foi deputado provincial duha das zonas máis afectadas, que me deron mágoa o outro día, que me deron mágoa, e deume mágoa porque estaba rodeado de centos

de persoas que o abouxaron, e ¿sabedes porque o abouxaron?, porque estaban cabreadísimos e el estaba dicindo pouco menos que non pasaba absolutamente nada, entón, hai que romper ese corsé, e hai que darse conta de que está pasando algo. Eu non me atrevo a dicir se vai ser moito máis grave, eu non son científico, non son técnico, pero o que estou vendo durante 16 días ponme os pelos de punta, sobre todo pola forma en que se xestiona. ¿Non lles parece, se abren ese corsé, non lles parece a vostedes que teñen vostedes todo o dereito, non soamente o deber, de estar cabreados, de seren críticos e sobre todo de encamiñar todo este descontento para conseguir que haxa un cambio de actitude por parte dos gobernos responsables que nos permita que esa frase, que vai ser o lema da mobilización do vindeiro domingo, “Nunca máis”, sexa unha realidade?, que sería mellor que non ocorrera, pero que, polo menos, poñamos os medios para que non ocorra nunca máis ¿non lles parece que sería bo? Claro, se isto se fixera non podíamos estar aquí 16 días despois de que comece a catástrofe, cun expediente baleiro, sen propostas, e repartíndonos por aí á entrada outra proposta máis ás que xa temos. Iso, permítaseme a expresión, e que non se me tome a mal, non é serio, iso non é serio, iso pódeo facer quen non ten medios, eu penso que o grupo de goberno tiña a responsabilidade de xestionar a crise doutra maneira.

E, polo tanto, e vou terminando, creo que temos que antepor os intereses dos cidadáns e cidadás, que nos deron os votos para estar gobernando esta institución, e a responsabilidade de gobernar, para dicirlles que isto serve para algo, para lles dicir que a deputación tamén pode xogar un papel determinante e, polo tanto, que estamos dispostos a sermos os intermediarios das protestas, do cabreo das demandas da cidadanía perante as institucións que teñen que tomar as decisións para que todo isto non volva a pasar, e non seguir sendo testaferrós do que din as institucións que non arranxan os temas para os cidadáns da provincia da Coruña.

E termino, nosoutros, nesa vontade de sacar algo positivo nese debate, asumimos o contido da moción que nos acaba de entregar o representante do Partido Popular, coa inclusión de dous puntos concretos, que sería engadir un punto, que sería o punto 8 da moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego, e que se refire a cómo se pode nuclear a actuación da Deputación da Coruña, e gustaríame que se vexa que nosoutros non queremos condicionar nin a partida económica, nin a formulación, nin nada, senón que o que queremos é que quede claro o acordo político, que despois haberá que verificar, porque desgraciadamente isto non é para solucionar de hoxe para mañá.

(Entra o Sr. González Garcés).

Punto 8: “A Deputación da Coruña comprométese a favorecer, dentro das actuacións previstas pola deputación para o vindeiro exercicio 2003 o apoio singular a aquelas, ben sexa en programas ou investimentos concretos, que teñan como obxectivo a recuperación das zonas afectadas polo sinistro.”

E un último punto que nosoutros, á altura do debate, imos facer como irrenunciable, porque ten que ser así, porque non podemos estar á marxe do que a sociedade está demandando, e ese punto sería o apoio desta deputación á mobilización convocada pola plataforma “Nunca máis” para o vindeiro domingo ás doce da mañá, na Alameda de Compostela. Moitas gracias.

Sr. Varela Rey

Empezo pola derradeira parte da intervención do voceiro do BNG, e manifestando que o punto número 8 da moción do Bloque, que sinala que a deputación se comprometa a liñas de axuda para zonas afectadas para os concellos e para as persoas, foi a primeira parte da intervención do Sr. presidente da deputación, inmediatamente a que se producira o sinistro na súa visita ás zonas afectadas, iso comprometeuse publicamente nesas zonas. Polo tanto nosoutros estamos en disposición de aceptar ese punto. Igual que estamos en disposición de aceptar á nosa proposta o apartado, creo que é o número 10, paréceme, do PSOE, onde fala de presentarse a Deputación provincial, ben a nivel persoal, ou como institución, ou ben xunto con outras institucións, presentarse nos procesos que se leven a cabo en contra dos armadores. Loxicamente, aceptamos esas dúas propostas.

Van permitirme que inicie dando un pequeno recordo, unha pequena viaxe sobre o que ocorreu nos últimos tempos con motivo do Prestige. É unha situación de accidente, un accidente é algo imprevisto, é algo que ninguén ten nin o poder nin a posibilidade de evitar, os accidentes prodúcense e son máis espectaculares canto maiores son os mesmos, e dalgunha maneira tamén son o prezo do progreso e o prezo da civilización que estamos vivindo. Hai pouco tempo producíase un accidente nunha central nuclear, unha central nuclear constrúese a resultas dunha demanda enerxética permanente da actual civilización, se queremos ter enerxía necesitamos ter nucleares, térmicas, hidroeléctricas, ou doutro tipo e prodúcense accidentes. Prodúcense accidentes de aviación, mesmo con aparatos que levan máis de 400 persoas e que loxicamente hai situacións de fallo. O propio accidente do Prestige, un buque con 250 metros, aproximadamente, de eslora, é como consecuencia de procurar ter un maior nivel de progreso a menor prezo, é dicir, ser capaz de transportar o maior cru posible no menor tempo, na menor distancia e nunha soa viaxe, a demanda dos cidadáns permanente é a de ter uns mellores niveis de vida.

Desde un grupo político, desde o punto de vista de calquera persoa afectada, desde o punto de vista de calquera non afectado, desde a distancia, cando se produce un accidente deste tipo, a todos nos toca, a todos nos preocupa e a todos nos gustaría ter os remedios e as solucións inmediatas para levarse a cabo, e aquí é onde, cando esta situación se produce, di un refrán galego que onde se ve a xente é nas ocasións, comportamento de cadaquen é onde se percibe. Estamos falando no foro da Deputación provincial, no foro da entidade

institucional provincial onde as competencias son fundamentalmente como afectado, como aglutinador do concello de concellos, como soporte material, como amparo institucional e como axudante dos problemas que poida ter a cidadanía. Neste senso, esta Deputación provincial, co presidente á fronte desde o primeiro momento, hai unha reacción inmediata visitando toda a zona, poñéndose en contacto con tódolos concellos afectados, e desde o primeiro día, ofrecendo axudas que sexan competencia desta deputación e que non teremos, non só ningún reparo, senón que estaremos responsabilizados para axudar nese compromiso.

Hai unha actuación tamén, por suposto, inmediata do goberno autonómico, comprometéndose a unhas liñas de axudas, unha vez producida a catástrofe, garantir, tranquilizar á poboación, dunha serie de liñas de axudas que se poñerán de inmediato en acción, o mesmo que a través do Goberno central. Hai unha serie de axudas para seis meses, prorrogables en todo caso, con beneficios fiscais, a través do IRPF, da Seguridade Social, a través do IVE, con créditos blandos, iso é o que as institucións deben de tratar de resolver.

Cando se produce un accidente, calquera accidente, sexa pequeno, sexa maior, do tipo que sexa, a reacción normal en calquera situación é a unión de todos, é o entendemento e mesmo é a comprensión. Cando hai un accidente na estrada, o primeiro que se producen son 20 persoas que rodean e que queren facer algo para sacar ó accidentado de alí, pero ten que vir alguén que tome unha decisión responsable técnica de cómo sacalo, de como actuar, e de que ás veces, non por facelo máis rápido faise mellor, hai uns tempos que hai que marcar e que hai que actuar.

Eu creo que o noso pobo, os galegos, ante unha catástrofe sempre están xuntos, e sempre permanecen xuntos, aínda que ó día seguinte poidan ter as súas discrepancias evidentes, e o que parecería lamentable é que alguén, que dalgunha situación incidental que trate de sacar algún tipo de vantaxe política, que eu creo que se alguén o fixera nese senso, o único que podería merecer da cidadanía é o desprezo, e quen actue desta forma seguramente que terá o rexeitamento de calquera poboación. E o que tamén é certo é que quen queira apagar o fogo non debe de utilizar a gasolina, porque eu creo que sería un mal procedemento. En todo caso, desde esta institución debemos de ser firmes nas reivindicacións, tanto de medios como de millóns, non soamente no que debe de ser a recuperación paisaxística, tamén ambiental, mesmo biolóxica, e fundamentalmente en todo o que afecta ó económico, porque lle afecta ás persoas, e polo tanto temos que se firmes nesas demandas, temos que responsabilizarnos nesa actuación, demandar das Administracións que teñan algún tipo de posibilidade, e todos as temos, non hai Administración, nin unha soa, que non poida achegar en senso positivo algo a esta situación, todos podemos achegar, os concellos, a deputación, a Xunta de Galicia, o Goberno central, a Unión Europea, absolutamente todos podemos achegar, ese debe de ser o senso que nosoutros temos que dar permanentemente.

Estase percibindo desde esta situación do accidente, seguramente que en situacións anteriores probablemente tamén a mesma, unha imaxe da nosa terra que eu creo que non responde á realidade, estase trasladando unha imaxe excesivamente negativa, estase poñendo demasiado énfase nesa situación, na desgracia, estase sacando mesmo puntos e puntadas de onde non as hai, estamos trasladando ó conxunto do Estado, ó conxunto do mundo, de que este recanto de España, de que a nosa Costa da Morte, ou esta Fisterra, estamos trasladando en ocasións unha imaxe que non se corresponde incluso a esta situación grave, a esta situación difícil, a esta situación preocupante que estamos vivindo nestes momentos. Eu creo que nosoutros como políticos nestes momentos debemos tratar de estar organizados, debemos tratar de pór senso, de exercer cordura, porque eu creo que iso é o que demandan de nosoutros.

Cando nosoutros escoitamos, e falaba o responsable do Bloque hai un momento, dun programa que houbo, que eu tiven a ocasión de asistir ademais en directo, nun concello moi afectado polo que foi este accidente, e cando escoitas a maior parte dos cidadáns exprésanse nun senso máis comprensivo do que nos expresamos moitas veces os responsables políticos. Entenden a situación, e cando hai un problema, porque quen se enfrentou ó mar, quen sae tódolo días para pelexar co mar, e cando hai naufraxio, e cando hai preocupación e cando hai temporais, tamén eles foron afectados moitas veces nas súas propias carnes, pagando coa súa propia vida, e saben cál é o perigo que supón un encallamento, enténdeno moito mellor, e algún representante do Bloque escoitar ó mellor algunha afirmación que fai, a algúns a verdade é que non nos agrada nada, cáusanos canto menos, unha fonda preocupación de que se poida verter un senso dos nosos cidadáns, tal como verten algúns partidos políticos, aínda que non afortunadamente todos.

Eu vou relatar, cando empezas a falar en ámbito abstracto, seguramente que podes falar un día, e ó mellor nin sequera dis moito, a min gústame ir máis ó práctico e máis á situación concreta. Eu podería falar, como alcalde dun concello, como lindeiro con outros concellos, na medida que afectou ó meu concello, ben é certo, o concello de Carballo que ten cinco quilómetros de costa, de litoral, non está afectado na mesma medida seguramente que os concellos que están máis ó sur, onde as manchas, onde o fuel entrou con máis forza, onde entrou con máis intensidade. Pero eu podo dicir que cando se produce o accidente hai de inmediato unha resposta no noso concello, mesmo a través de técnicos. Este alcalde non tivo problema ningún en porse en contacto coa Delegación do Goberno, en porse en contacto con Ambiente, en porse en contacto coa Demarcación de Costas; non tivo ningún problema en que lle facilitaran as axudas necesarias e nin sequera tivo ningún problema en que aqueles aspectos que nosoutros éramos capaces de asumir, tratar de facelo; líbreme deus, en ningún caso, de tratar de dar aquí ningún tipo de lección, máis lonxe da miña intervención, fágoo con humildade, mesmo no senso de que nos puidemos equivocar. Hai cuestións que o propio concello estaba en condicións de asumir, e que non tiña necesidade

de demandar doutras institucións. Para mercar unhas luvas para ir á praia a limpar, un concello ten posibilidades, e non necesita demandar coordinación, para ter uns angaciños, non ten problema de ningún tipo, para solicitar mesmo da poboación unha pa, un tractor para tratar de limpar o que é o noso areal, podémolo facer en contacto e baixo a dirección e a supervisión de técnicos, e nosoutros así o fixemos, mesmo reclamando e solicitando colaboración nalgún momento dalgúns veciños, colaboración total e absoluta que a maiores hai que agradecer. Eu falaba estes días co alcalde de Arteixo, que é deputado aquí, que está neste mesmo salón, co alcalde de Ponteceso, que temos costa e que nosoutros estamos resolvendo, unha vez que se produce o accidente, estamos resolvendo este tema de maneira satisfactoria, e mesmo temos que estar preparados por se podemos ter máis vertidos en calquera momento, se os ventos digamos que nos son desfavorables, estamos preparados, pero desde os propios concellos tamén podemos dar resposta, e sempre o fixemos dunha maneira coordinada, dunha maneira racional coas demais institucións. E repito que eu podo dicir, co risco de que mañá poidamos ter un incidente, a Lagoa de Baldaio tapouse ben, a Lagoa de Baldaio ó día seguinte, o luns, estaba limpándose, non deu unha situación de incidencia, o que é a fronte exactamente igual, en Barrañán, o que me comentaba o compañeiro exactamente na mesma situación ou en Ponteceso con quen tivo este tipo de contactos.

Pero eu podo dicir que antes do accidente do Prestige, en Razo e Baldaio tivemos o accidente do Mar Exeo, e que nos afectou na mesma medida, en parecida medida en que nos afectou agora; naquel momento tomamos as mesmas determinacións, exactamente, igual coas autoridades competentes naquel momento. Reclámase que teñen que vir os grandes presidentes de non sei onde, ben, eu teño que dicir que cando foi do Mar Exeo, ningún ministro se achegou por Razo e Baldaio, pero tampouco era un aspecto imprescindible, é dicir, se a nosoutros nos dan axudas, facilítannos medios, e somos capaces de resolvelo, como fixemos naquel momento, e a marea para nosoutros foi moi similar naquel momento á que hai hoxe. Nestes momentos, si, pois viñeron tres ministros á zona, pero digo que é importante que as institucións estean detrás, que nos amparen, que non nos sintamos sós, pero fundamentalmente a participación de todos que ademais eu creo que nese senso hai unha magnífica disposición.

Eu, repito, que fago este relato nunca para dicir o que debían de facer outros, cadaquén sabe perfectamente o que ten que facer, pero estou seguro que se hai vontade por parte de todos, se hai un senso positivo, se hai un senso favorable de afrontar e de resolver e dicir, aquí estou eu para participar, seguramente que eu creo que se resolverían bastante mellor os temas.

E agora vou contestar a cada un dos voceiros de maneira un pouco sintética. A intervención do Sr. Moreda pareceume lida, ben redactada formalmente, mesmo cando a redactas e a escribes aplicas os calificativos con moito máis tino, é unha apreciación persoal

deste voceiro. Dáme a impresión de que se o Sr. Moreda habitualmente que fai as intervencións sempre sen ler, moi espontáneas, que se o fixera así non diría o que dixo, diríao doutra maneira, e se estivera falando seguramente co que sente, co corazón, da situación que estamos vivindo, que a súa intervención sería distinta. Coido lembrar que debe de ser a primeira vez que prepara un escrito para lelo nesta intervención. Eu teño que dicir que me parece unha intervención demagóxica, que me parece unha intervención, eu trataba de fuxir de situacións comparativas, pero cando o do mar Exeo, o Sr. Moreda era presidente nesta institución, eu creo que sería oportuno ó mellor lembrar cál é a proposta que se fai hoxe e cál é a que se fixo naquel momento. Os dous son accidentes, os dous afectaron á costa, os dous afectan ás persoas de maneira moi grave, afectan ó noso territorio. E, polo tanto, non parece serio que naquel momento, e eu teño aquí a proposta de resolución, mesmo teño as intervencións de cándoo foi o do Mar Exeo, que repito, por exemplo a nosoutros e a Arteixo e ás zonas máis próximas, afectounos de forma parecida porque o embarrancamento do Mar Exeo produciuse aquí cerca da Torre de Hércules e afectounos ó lado. Naquel momento tamén tardou en reunirse o tempo que creu oportuno a Presidencia da deputación, non se reuniu á media hora, nin ás dúas horas, nin ós dous días, nin ós tres días, nin ós catro días nin ós cinco días. Reuniuse cando entendeu que se debía reunir.

Na proposta da orde do día aparecía, punto número 3 da sesión plenaria extraordinaria do 12 de decembro do 92 -vai haber, imos cumprir dez anos agora mesmo daquel tema-, punto número 3: “Moción da Presidencia que solicita a declaración de zona catastrófica como consecuencia do sinistro do Mar Exeo”, zona catastrófica que, a pesar das reiteradas peticións dos grupos políticos, non foi declarada porque, e leo a proposta de acordo: “Préstase aprobación á seguinte moción da Presidencia:

1º)Requirir das autoridades e organismos internacionais e nacionais competentes na ordenación e control do tráfico marítimo, que se establezan e esixan as máis rigorosas medidas de seguridade nas naves, no tráfico e nos procedementos de entrada e saída dos recintos portuarios, co obxecto de facer compatible as actividades económicas e industriais coa tranquilidade dos cidadáns e a conservación e mellora do ecosistema.” Requirir para que se arranxen as cousas e todo vaia mellor.

“2º.-Solicitar da Comunidade Europea, Goberno da nación e Xunta de Galicia, a adopción das medidas necesarias para paliar os efectos desta traxedia e o resarcimento dos danos causados, en particular os sectores máis afectados, pesqueiro e marisqueo, e ós servizos públicos, outorgando subvencións, créditos prioritarios e excepcionais, se é o caso moratorias, etc. 3º.-Ofrecer ós concellos que resulten afectados a máis ampla colaboración da Corporación provincial para que a representación e defensa dos seus intereses perante os órganos xurisdiccionais, para esixir as responsabilidades en que puideran incorrer as empresas ou persoas relacionadas co sinistro”. É dicir, non hai ningún apartado de declaración de zona catastrófica, non hai un só compromiso naquel momento da Deputación provincial de investir unha soa peseta, e hai unha oferta que mesmo tería curiosidade de

coñecer se algún afectado veu a solicitar o asesoramento xurídico desta casa e, dáme a impresión de que non.

Quero dicir que non se poden ter as dúas varas de medir e un punto de vista tan distante para propoñer unha moción naquel momento e agora está reclamando que a Deputación provincial financie non sei con cuántos miles de millóns de pesetas, cando a maiores tamén escoitamos nesta cámara que a Deputación provincial non debe subvencionar nin ó Goberno central, nin debe de subvencionar á Xunta de Galicia, e a pesar diso o presidente ten un compromiso explícito de axuda a tódolos concellos, de axuda a toda a costa, na medida do posible que poidamos facer nosoutros, é dicir, independentemente de que noutro momento se tomara outra consideración, parécenos oportuno establecer liñas de axudas moi importantes.

Eu creo que isto é un pouco, claro, porque falar de ineptitude, de non sei que, qué difícil debe ser tomar unha decisión de se o barco se achega ou se afasta, cuántas versións escoitamos e un di: “Non, para cerca”, iso é o que dicía un Sr. de Sada e dicíalle eu, “E para cerca, tí tomas a decisión e que o metan en Sada”, e dicía el “En Sada non”, evidentemente, claro, porque iso é complexo, é moi difícil. E alguén di, aplicándolle fósforo mesmo se pode tratar de queimar, pero hai outros que din que iso podería crear unha contaminación superior á que podemos controlar nestes momentos. Eu creo que deberíamos de recapacitar do que significan os accidentes. Estamos totalmente de acordo en que a nosa costa teña os mellores medios, que teña máis medios, que teña situacións de prevención, eu podo dicir que a situación de prevención de que dispoñemos os concellos no día de hoxe, por exemplo, é moi superior á que tiñamos, por exemplo, no ano 92.

E a proposta, en síntese, do PSOE, a pesar desa presenza de cúmulo de despropósitos, e por un lado e por outro, ímonos ó práctico, ¿que temos que facer?, ¿que debemos actuar?, ¿como debemos coordinarnos?, ¿cal é a responsabilidade de cara á Administración? ¿Estamos en disposición cada un de nosoutros como representantes nun concello, nunha deputación provincial, como transmisores ante a Xunta ou o Goberno central, a asumir todo o que nos compete?, pois eu creo que con esa situación seguramente que teríamos unha visión, polo menos estaríamos máis orgullosos da nosa cidade, dos nosos cidadáns, e sobre todo da nosa poboación, que en canto que lle pedimos e lle solicitamos axudas están dispostos permanentemente a facilitalas.

E cando o Bloque fai a súa intervención, Sr. Doval, eu teño que dicirlle que non é un caso este, claro, en calquera situación que se produce, ou calquera proposta aquí na deputación, eu comenteille en máis dunha ocasión que vostedes teñen unha visión en negro do que é toda a realidade, claro, se aínda por riba se produce un accidente da magnitude que temos agora, pois a súa visión non é en negro, si que é apocalíptica totalmente, e nosoutros estamos máis por buscar solucións, por arrimar o ombro, por responsabilizarnos,

ou corresponsabilizarnos na medida en que sexa posible, que en tratar de colocar tódolos calificativos que se poidan pór.

E por riba de todo, este accidente aféctanos a todos, non soamente á xente do mar, non soamente á xente que vai pescar, porque ó final afecta ó transporte, afecta ó comercio, afecta mesmo á propia moral dos nosos cidadáns, e nosoutros o que temos é que trasladarlle esa seguridade, ese apoio, pero que se efectúen esas axudas, e nosoutros estamos desde a Deputación provincial e desde a Presidencia, reitero, que foi o primeiro que acode á zona, para confirmar axudas, e para tramitar todo aquilo que sexa necesario para mellorar esta situación. Evidentemente que basta xa e que nunca máis, pero os accidentes, ende mal, seguiranse producindo, non sei se van ser de superpetroleiros, non sei se van ser de avións, non sei se van ser en forma de furacáns, non sei se van ser en forma de inundacións, ou non sei se van ser en forma doutro tipo, pero van seguir producíndose porque iso non temos a posibilidade desde aquí de controlalos, en todo caso podemos ter a posibilidade de predicilo, e podemos predicir que vai seguir habendo accidentes, pero que nosoutros estamos neste caso concreto no compromiso de axudar na medida do posible, poñendo todo o necesario para que isto se resolva.

Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Doval

Intentarei ser breve e ademais cinguirme ó tema e, concretamente, o que poderemos ou deberemos de sacar de aquí. En todo caso, eu non veño aquí a colgarme medallas, Sr. Varela, pero eu mamei petróleo, ¿que quere que lle faga?, vivo nunha ría onde ende mal lle tocaron todas, entón, eu estou criado neste ambiente, forma parte de min, desgraciadamente non para min, que iso non me crea ningún problema de conciencia, desgraciadamente para o ecosistema e para os sectores económicos que foran no seu momento briosos e que agora non o son. E eu asegúrolle que se non militara en política estaría dicindo sobre este tema o mesmo que estou dicindo aquí, a min si que non me axusta a miña ideoloxía para opinar o que vexo, e o que vexo é o que hai, e o que hai é o que vostede quere ocultar. Vostede acábanos de facer un discurso que, fronte ó meu, que é apocalíptico, o seu é un discurso ocultista, é un discurso sesgado, é un discurso enganoso, total e absolutamente enganoso, do principio ó fin, porque isto non é unha traxedia natural, e vostede ten a habilidade e a cara, e perdóeme a expresión, de comparar isto cun furacán, hai que lle botar moito valor, Sr. Varela, un furacán incluso se predi, pero isto evítase. Aquí non hai a confluencia de axentes meteorolóxicos, ¿sabe o que hai aquí?, hai unha conxunción de factores de risco que se sabe que existen, e unha incapacidade para pór a funcionar os métodos que debe de haber de control para que isto non exista. Isto non é comparable a un furacán, Sr. Varela, isto non é comparable a un furacán, e habendo medios, fíxese o que lle digo, de control, poden existir, pero se non hai medios de control, isto nunca é casual, isto é o resultado dunha

incapacidade, entón xa non coincido desde o principio con vostede, vostede pensa que é un fenómeno natural, vostede pensa que é un fenómeno natural que pasan centos e centos de barcos que incumpren a normativa que existe a nivel mundial, sen que haxa ningún tipo de control sobre os barcos e sen que haxa ningún mecanismo de actuación para o suposto de que exista un accidente, vostede pensa que iso é normal, esa é a gran diferenza, vostede pensa que iso é normal e nosoutros non, e nosoutros por iso somos apocalípticos. A isto en Europa non lle chaman así, Sr. Varela, vostede está co libro cambiado desde hai moitísimo tempo, vostede crese que pode vir aquí a facer de voceiro do PP e cada vez que fala o Bloque dicir que somos os do non e que somos apocalípticos, e en nome de todo isto falsear a realidade como o está facendo. Isto non é o prezo de civilización que temos, este é o prezo dun sistema económico que quere arañar diñeiro a toda custa, aínda que sexa a custa de cargarse o ecosistema, iso non llo estou dicindo eu, lea os periódicos de hoxe, de persoas do seu partido que din isto, que se quere amasar diñeiro a catro pesetas. A cidadanía, Sr. Varela, non pide ter o litro de fuel quince ou catorce pesetas máis barato, iso faino o sistema económico, non a cidadanía, vostede é profesor, pero iso é de senso común, a cidadanía non condiciona o sistema económica, condicionao quen o está dirixindo, que xa non sei quen é, a todo isto. Os cidadáns non demandan ter o litro, os cidadáns demandan outras cousas, demandan que sexamos útiles desde as institucións.

Mire, eu non dixen que o presidente da deputación non estivera nas zonas afectadas, pero a deputación somos máis có presidente da deputación, a deputación somos este Pleno, se vostede quere tamén instalar un sistema político onde o alcalde ou o presidente da deputación sexa todo, a min váleme con que vaia o presidente, pero para este debate está o presidente, está vostede, está o Sr. Moreda, estamos os trinta e un compañeiros e compañeiras que estamos nesta institución; esta é a Deputación da Coruña, non nos confundamos, o presidente fixo moi ben en ir, pero a Deputación da Coruañ non se manifestou ata o día de hoxe, e por certo sen que figuraran propostas dentro do expediente.

Vostede non se preocupe tanto da imaxe que dá da nosa terra, está vostede moi preocupado Sr. Varela, ¿sabe de que? de que os galeguiños e galeguiñas non aparezan nas televisións sumisos e caladiños coma sempre, iso é do que están preocupados vostede e o seu partido, esa é a imaxe que a vostedes lles preocupa, unha imaxe dunha sociedade que desborda á clase política, que non sei nin se existe, iso é o que a vostedes lles preocupa, ¿que imaxe negativa? ¿A vostedes parécelles unha imaxe negativa que ante a falta de medios se poña a sociedade a traballar, que teñan, como se falaba o outro día na praia de Doniños, para 13 persoas un angazo?, ¿esa imaxe que a dan, os cidadáns que andan co angazo ou as institucións que non poñen un angazo para cada persoa?, ¿pero vostede de que me está a falar, Sr. Varela?, ¿que imaxe me fala vostede?, a imaxe é a que hai, é a imaxe negra, non apocalíptica, negra, moi negra, non a queremos chamar así, chámennlle vostedes como queiran, apocalipse. A min esa é a imaxe que me preocupa, a imaxe dunhas institucións que non están á altura das circunstancias, e iso é o que recoñecen os medios de todo o mundo e

os do Estado español que non están manipulados, que cada vez son menos, ende mal, ¿entende?, esa é a imaxe que a min me preocupa, non se preocupe vostede. Estamos dando a imaxe a todo o mundo ¿sabe cal?, dunha sociedade que é capaz de coller ela as rendas dun conflito que as institucións públicas non saben xestionar, e iso é moi bo, ¿sabe para que vai ser moi malo?, para outras cousas, non lle digo para qué, para que vexa vostede. Eu si sei quen está moi preocupado polas consecuencias políticas disto, non son os grupos políticos que están mobilizando a sociedade, son os que están gobernando, eses son os que están preocupados das consecuencias que vai ter isto para os seus votos, eses son os que están preocupados. Vostede invirte os termos, Sr. Varela, e aí equivócase ¿ou crese que eu estou aquí defendendo isto porque pensa que vou sacar votos?, se a min aquí non me escoita ninguén, ¿entende?, nin sequera me vota a cidadanía, que nin sequera me votaron para estar nesta deputación, nin a vostede tampouco, non se preocupe diso, xa se dirimirá nas eleccións. Estamos aquí porque estamos cabreados, e porque estamos fartos, moi fartos, ¿sabe?, e sobre todo a min o que me molesta en política é que se me negue a realidade.

Por certo, voulle lembrar, ou quérolle lembrar, ou quérolle tocar a campaña para que vostede, se pode, igual que recuperou a acta dese pleno, recupere a forma de facer política que tiñan vostedes tamén naquel momento, non sei se iso é preeiro ou non, pero se falamos de responsabilidades de cadaquén, habería que mirar como un se sitúa en función da situación na que está, e paréceme que vostedes de postura responsable naquel momento, paréceme que se apuntaban ata a un bombardeo, como se apuntaron noutros casos, cando interesaba. Cada vez que hai un conflito, e hai que dar cana, pero por favor, collamos as hemerotecas, alí estaban vostedes, na reconversión de Astano, en todos eses temas, de primeiriños, para saír na foto, agora si, pasou o día e pasou a romaría, e se te vin non me lembro. E voulle lembrar unha cousa, se tan mal o fixeron os que estaban antes, para iso están vostedes aquí, agora pretenden vivir en política dicindo “e os que estaban antes, mira que malos eran”, e vostedes igual ou peor. Vostede sempre vive de política, da política que facían os que estaban antes aquí, que leva vostede uns certos anos sendo voceiro do grupo que goberna esta deputación, e leva certo tempo, e a min non me vale falar de quen estivo e de quen vai estar, ou sexa, esa é unha forma de facer política, paréceme que realmente bastante trapalleira, a min non me gusta iso. Hai que falar da responsabilidade que ten un, e asumila, aínda que leve en determinados momentos a ter que poñer en xogo a súa estancia no machito, coma o que tivemos que facer nalgúns concellos, facer política é ás veces poñer en risco a estancia dalgún no machito para que outros se deleiten despois, se quere cóntollo cando saíamos de aquí. Iso é gobernar responsablemente, facer as cousas que hai que facer, aínda que se perda o goberno, e aínda que teña que pasar un á oposición para que despois outros se deleiten.

E vou concretar, simplemente, nosoutros somos favorables, matizamos a proposta, válenos que se inclúa tamén esa proposta a maiores que presentaba o grupo socialista no senso de presentarse, entón, seríamos favorables á aprobación da moción que acaba de

presentar o grupo popular, nosoutros non temos ningún problema en votar, Sr. Varela, nosoutros razoamos, consensuamos, pero se sabe vostede que a primeira proposta que se sacou no Congreso dos Deputados foi unha proposta do BNG que se quixo consensuar, e aquí non se consensuou porque vostedes non quixeron, porque a trouxeron hoxe, senón como non ía haber unha proposta consensuada, si que hai, si que a hai. Pois mire, nosoutros que temos unha moción, renunciámos á nosa moción e sobre a proposta que presenta o Partido Popular, mira que sectarios, que nos queremos aproveitar, que queremos facer, mira que sectarios somos, pero pedimos a inclusión de algo que a nosoutros parécenos de senso común, que é ese punto 8, e que é a proposta que presenta tamén o PSOE, e unha chamada á asistencia á manifestación, ¿sabe por que?, porque hai que facelo, porque vai ser bo para todo o que pase que a Deputación da Coruña, tamén estea presente nesa manifestación, díggollo de todo corazón, igual que era bo que o Sr. presidente da deputación estivera, tamén como alcalde do concello de Ribeira, presente noutra mobilización, noutras mobilizacións que había polos caladeiros, onde nin sequera o PP convocaba, nin apoiaba, e alí estaba o Sr. presidente. Entón, eu avogo porque tamén aquí se faga iso, non é unha manifestación nin de partidos, nin nada, é unha manifestación da sociedade que é bo que lle deamos unha canle de expresión, Sr. Varela, nesa manifestación, porque senón as canles de expresión igual poden ser outras e eu creo que ninguén está interesado en que as canles de expresión poidan ser outras.

Polo tanto, se vostedes no concello de Fene, do que sei eu, ou no concello de Neda, votaron a favor de apoiar a manifestación do día 1, a min escápaseme por qué na Deputación da Coruña non poden votar vostedes que se apoie a manifestación do día 1, xa non digo de pór medios nin nada, simplemente dun apoio e que vaia, como di o outro, quen queira, que isto non é obrigatorio.

E despois, termino, a vostede gústalle moito a música, hai unha canción preciosa dos anos 60, de “Los Tremeloes” que se titula “*Silence is golden*”, o silencio é ouro; se vostede estivera calado seguro que era rico.

Sr. Fernández Moreda

Nosoutros non viñemos aquí a esixir responsabilidades, terán que se esixir responsabilidades, pero na miña intervención dixen que non é neste foro onde deben esixirse responsabilidades, é no Parlamento Galego e no Parlamento Español, pero ninguén nos pode furtar o dereito de expresar a nosa opinión sobre o que pasou, sobre o que está pasando, e reprobar o que está pasando, o que pasou e as actitudes que se están adoptando. Hai responsables da crise, claro que os hai, terán que responder nas institucións nas que están presentes. Eu dixen na miña intervención que a deputación non é responsable de nada do que xa pasou. ¿Que pretendemos o grupo socialista na nosa intervención?, ofrecer unha solución, que a deputación contribúa con solucións, que é o que nos pide a xente que nos

poñamos de acordo e que solucionemos con carácter de urxencia todo o que se poida solucionar.

Pero despois de escoitar ó Sr. Varela, eu non sei nin para que facemos o Pleno, porque non pasou nada, houbo un accidente e é unha desgracia e estase levando todo moi ben, estase traballando perfectamente, perfectamente coordinado, hai unha gran organización, hai medios, hai recursos, as autoridades visitan á xente afectada e non pasa nada. Mire, hai un accidente, e pola inoperancia dos que tiñan que xestionar ese accidente, converteuse nunha catástrofe, nunha catástrofe dunha magnitude que é incalculable aínda, é a maior catástrofe que tivo este país, a maior de todas, e produciuse porque uns señores que teñen que tomar decisións cando se produce un accidente, toman as peores decisións que se poden tomar, as peores, dudo que con consultas e asesoramento técnico, decisións políticas, saquemos de aquí, sen valorar outra cousa, e iso, esa decisión, é a que produciu a situación que estamos comentando.

E non é certo que haxa coordinación, nin haxa organización, nin haxa medios, non hai para nada. E a deputación ten dúas alternativas, ou facer algo ou non facer nada, son as dúas alternativas que ten. Nosoutros consideramos que si se pode facer algo, pola resposta que me deu, vostedes consideran que non se pode facer nada e non se debe de facer nada. Oíndoo eu creo que invita vostede á resignación, que é xustamente o que non hai que facer, eu creo que non debemos de resignarnos, isto non é inevitable, e pódense pór os medios para evitar que isto pase no futuro.

E formular vostedes unha proposta, e a proposta que está votando a favor o grupo socialista, o grupo popular e o Bloque Nacionalista Galego en tódolos concellos, a proposta súa, recortando algunhas cousas que agora, parece ser que as vai incorporar. Isto está ben, estano aprobando os concellos, é bo que se aprobe esa proposta, por unha simple realidade, porque coincide coa nosa no que é instar á Xunta para que faga, e instar ó Goberno da Nación e a Unión Europea para que faga, e niso compartimos todos, pero a nosa proposta ten un apartado máis, e é ¿e a deputación?, ¿pode facer algo?, e iso é o que non me dá vostede resposta. Despáchao dicindo que o Sr. Moreda fixo unha intervención por escrito, fixen unha intervención por escrito a propósito, porque nun tema desta gravidade gústame medir as cousas e ser preciso, e por iso fixen unha intervención escrita, porque ademais quero que quede constancia, e despáchaa cunha palabra, é unha intervención demagóxica. E ¿por que é unha intervención demagóxica?, ¿por que eu como presidente da deputación, no ano 92, cando se produce a catástrofe do Mar Exeo, non dou, non abro partidas, para axudar a paliar os danos primeiros?, ben, pois non o fago por unha razón moi sinxela, porque naquela circunstancia a deputación non tiña os recursos ociosos que esta deputación ten agora, e o grupo socialista non está dicindo que se esubvencione, está dicindo Sr. Dositeo, é certo, porque vostedes teñen recursos, porque ante unha posible sentenza xudicial, están acumulando recursos por se é desfavorable á deputación, cando nosoutros presidiamos a

deputación tiñamos un recurso en contra, dunha magnitude maior, que era o recurso do canon enerxético que nos reclamaban non sei se 10.000 ou 12.000 millóns de pesetas, e perdérase en primeira instancia porque estando o Sr. Romay de presidente, o asesor xurídico non se presentou no xuízo, e condenáronnos, e recorrémolo ó Tribunal Supremo, e gañámolo, pero a deputación non fixo acopio de 10.000 millóns ou 12.000 millóns por se a sentenza era favorable ou desfavorable. Pero agora hai unha circunstancia diferente, temos os créditos, non hai que habilitar ningún crédito máis, e pódese facer se se quere, vostede dicía, Sr. Varela, que fai falta senso político, dicirlle á xente “aquí estou eu para participar” e seguramente as cousas irían mellor, pois é xustamente o que estamos pedindo, aquí na deputación para participar e para axudar. E dicía vostede, temos que buscar solucións, arrimar o ombro, e ¿que solucións propón vostede?, ¿arrimar o ombro en que consiste?, ¿en dicirlle á Xunta de Galicia que faga e que pida, e en dicilo e instar ó Goberno da nación e á Unión Europea que faga e que pida?, ¿e nosoutros, á parte diso, que facemos? ¿Poñer no orzamento do vindeiro ano, incrementar nun millón de pesetas a partida de limpeza de praias, ou nun millón de pesetas incrementar a dotación do turismo da natureza, ou aumentar as subvencións á confraría de pescadores no orzamento do ano 2003? O que hai que facer é facelo agora, cando entre en vigor o orzamento do vindeiro ano posiblemente as praias estean limpas, oxalá estean limpas xa, é agora cando hai que ofrecer solucións, e ¿cales son as que ofrecen vostedes?, vostedes ofrecen a mesma solución que ofrece un concello que non ten ningunha capacidade financeira: expresar a súa repulsa, expresar a súa indignación e instar a outras instancias que fagan cousas, pero nosoutros podemos, porque temos recursos e temos capacidade, e depende só dunha decisión política. O Sr. Fraga di, eu vou pór sesenta millóns de euros no orzamento do vindeiro ano, e eu dígolle, Sr. Fraga, se vostede quere ten 30 millóns de euros mañá para afrontar as primeiras necesidades, e vostede despacha todo isto dicindo que a miña proposta é demagóxica porque eu cando era presidente da deputación non destinei recursos. Primeiro, cando era presidente da deputación, fixemos o que a sociedade demandou, e foi o presidente da deputación o que convocou o Pleno e foi o presidente da deputación o que trouxo unha proposta de resolución, ninguén máis, e convocámolo oito días despois. E non é comparable, nin a magnitude do Mar Exeo coa magnitude da catástrofe actual, nin é comparable a actuación das Administracións públicas con respecto ó Mar Exeo que con respecto ó que está pasando agora, vostede quíxoo comparar.

Mire, cando o Mar Exeo, o vento dominante era o sur, levaba todo para Ferrol, pouco foi para o sur -é unha desgracia por suposto, pero é que quero dicir que con isto Carballo está para o sur, non está para o norte-, pero ese mesmo día, que o accidente foi ás catro da mañá, ese mesmo día ás seis da mañá estaba o Alonso Chaves, estaba Protección Civil e os bombeiros acordoando todo. Ese mesmo día chegaron tres remolcadores, un de Xixón, un de Bilbao e un de Vigo, ese mesmo día chegaron cinco avións Hércules do Exército de Terra, con barreiras anticontaminantes; ó día seguinte ven aquí o Sr. ministro de Transportes e Obras Públicas; o presidente da deputación visitou A Coruña, Ferrol e as

poboacións afectadas; o presidente da deputación demandou axudas inmediatas da Unión Europea e viñeron ós primeiros días; o presidente da deputación pediu asistencia dos medios de Protección Civil da Unión Europea, consulte vostede nas hemerotecas; o presidente da deputación trouxo aquí ó Sr. Jacobson, ese que se está entrevistando agora co Sr. Rajoy, pois tróuxoo o presidente da deputación ó Sr. Jacobson aquí, que é o director de Fondo de Cooperación de Hidrocarburos. Non é comparable unha cousa con outra, nin pode vostede, en último caso dígolle o que di o Sr. Doval, mire, nosoutros perdemos porque vostedes dixeron que eran mellores.

Polo tanto agora afronte o tema, dean as solucións, demostren que son solucións, e non comparen, pero si queren comparar, saen perdendo con moito, ende mal, porque oxalá que saísen gañando, porque se saísen gañando estarían poñendo remedios desde xa.

Eu creo que debemos debater se a deputación quere facer algo ou non quere facer nada, esa é a gran cuestión que temos que formularnos, e creo que somos algo máis ca un concello rural, que non ten capacidade, que está desbordado, que non ten medios financeiros, somos bastante máis ca un concello rural e creo que deberíamos de facer algo máis ca un concello rural. O que vostede propón é o mesmo que se votou nos concellos eses días, o mesmo, unha proposta consensuada. É normal que o concello de Muxía ou de Camariñas, ou noutro concello, non digan “Dispor dunha cantidade para as primeiras axudas” porque non teñen fondos, pero nosoutros si os temos. E ademais, non custaría nada, é un acordo político. Pódese facer con carácter inmediato a través dun expediente de emerxencia. Nos expedientes de emerxencia non hai que facer ningún expediente, fanse despois, cando sexa, porque temos unha emerxencia grave en Galicia, e se a Xunta quere dispor dese diñeiro e atender as necesidades da Xunta que está pedindo esas axudas, e ese diñeiro se pode recuperar, porque a deputación e a Xunta poden presentarse como partes afectadas nos procedementos xudiciais que se presenten, e esas axudas vanse recuperar e vanse recuperar urxentemente se se demandan as axudas, as facturas correctamente. Creo que é algo que non lle custaría nada á deputación máis ca traballo e vontade política, eu sei que é máis doado non facer nada, porque é complicado, porque se nos metemos neste proceso, hai que abrir unha oficina de reclamacións, hai que dicirlle ós concellos, ten vostede un crédito de ata tantos millóns de pesetas para limpeza de praias, polo tanto, contrate vostede ata esta cantidade o que queira, presénteme facturas documentadas, conformadas, coas desgravacións do IRPF, preséntenmas a min e eu con esas facturas preséntome como afectado e recupero ese diñeiro despois, non nos custa nada, e pódese pactar coa Xunta e o pagamento da débeda son as 5.000, e recupérao a Xunta, e se a sentenza xudicial é favorable a nosoutros, recuperarémolo nosoutros, é unha operación de Tesourería, podemos facelo. E vostede respóndeme a min que é unha proposta demagóxica porque cando eu estaba na deputación non o fixen, pois mire, ¿non o fixen?, vale, doulle a razón, ten vostede razón, non imos discutir, non o fixen, ¿por que se nega a aceptar esto agora?, ¿que

razón hai?, dígame vostede unha razón pola que se negue. É simplemente dicir queremos ou non queremos.

E vostede di, como dicía antes, temos que buscar solucións. O grupo socialista ademais de protestar enerxicamente e ademais de convocar esa manifestación, que é bo, estamos dando unha imaxe de resignación, e eu creo que é mala, debemos de protestar, pero protestar no bo senso da palabra, non contra ninguén, que se fagan as cousas que se teñen que facer, que se adopten os medios que se teñen que adoptar para evitar que isto pase no futuro, e creo que é bo que se oia, que se oia a centos de miles de galegos dicindo basta xa, home, nunca máis, se isto non é inevitable, se se pode evitar, e neso creo, estamos todos de acordo, debemos de estar de acordo, pero tamén poderíamos poñernos de acordo nalgunha cousa adicional.

Nosoutros, e termino xa, imos votar favorablemente a proposta, é a proposta que se está votando en tódolos concellos, vostede xa anunciou que ía incorporar o punto que presenta o Partido Socialista de presentarse nos procesos que estean en marcha, ou que se vaian emprender; gusataríanos que tamén a deputación, nun exercicio de responsabilidade, convocase á manifestación do próximo domingo en Santiago pero é para romper con esa imaxe de resignación, para dicir, home, que se nos oia, cantos máis sexan, mellor, cantos máis sexan protestando, mellor, que se nos oia de forma clamorosa. E á parte, sometemos a votación, queremos que se vote a nosa proposta, que a concreto dicindo, sería igual que a que presentamos nosoutros e presentárona vostedes, e o Bloque, e votouse conxuntamente, e que ademais de instar á Xunta de Galicia, e instar á Unión Europea e ó Goberno da nación, a deputación implusa un procedemento que esixe do acordo da Xunta de Galicia e do seu presidente, para adiantar un diñeiro ós concellos e ós afectados, diñeiro que ten carácter de anticipo a conta recuperable, porque logo o recuperaríamos coas indemnizacións que o fondo e os consorcios do seguro terán que pagar ós afectados. Máis nada e moitas grazas, Sr. presidente.

Sr. Varela Rey

Empezo pola última intervención, o Sr. Moreda manifesta que cando el fai a proposta no ano 92 non articulan ningunha economía para solucionar os problemas, logo argumenta que ademais, que isto non lle vai custar nada á deputación, pois entón entendo menos; si que non tiña economías, pero di que non vai custar nada, porque vai recuperar todo, pois entón a solución estaba cantada, eu creo que si. E a maiores, quen está asumindo con garantías, con tódalas garantías, os niveis de investimento, son os que teñen competencia realmente nesta situación, a Xunta e o Goberno Central, pero a maiores a deputación ten o compromiso de ofrecer un plan especial a tódolos concellos afectados por esta situación, no tema de limpeza de praias duplicar tamén o investimento e tamén no Plan de turismo da natureza, duplicar tamén ese investimento, o mesmo que no tema de confrarías. Polo tanto, a

Deputación provincial si vai pór economías que melloren a situación de tódolos concellos. Repítolle, é un compromiso por parte do presidente nese momento.

Os dous voceiros, tanto o do Bloque coma o do PSOE fixeron referencia nun par de ocasións, nesta segunda intervención, de saír gañando, de saír perdendo, de que politicamente este grupo, o outro grupo..., pois nosoutros tratamos de fuxir das situacións, de saír gañando, o que nos preocupa é que quen ten que saír perdendo menos, porque gañar nesta situación as ganancias son escasas, pero quen ten que saír nas mellores condicións é a poboación, non os grupos políticos, nosoutros formulámolo desde outra óptica, desde a óptica ós cidadáns, non desde unha postura política como vostedes están manifestando.

O que si quero deixar moi claro é a preocupación fonda que nos produce o Prestige, a afectación que supón para os medios, para o noso litoral e, sobre todo para as persoas e nosoutros non queremos, en ningún caso, nin temos esa pretensión, nin de ocultar nada, nin de esconder nada, que non temos en absoluto nada que esconder, en absoluto, ó mellor é quen fai este tipo de afirmacións, seguramente que estaría tentado en máis dunha ocasión en tratar de pór esa situación.

Na miña primeira intervención manifestei, reivindicaremos con tódalas posibilidades que teña este goberno, esta deputación e a Presidencia da deputación, faremos tódalas reivindicacións necesarias para que deixen na mellor situación as nosas cousas e, sobre todo, as nosas persoas, que aquí ninguén confunda, e se nalgún momento se puido entender así é por parte da oposición, non por parte deste voceiro que lle fala, nin resignación, nin sumisión, nin ningún tipo de aceptación da situación que se está producindo. Queremos pór en marcha os mecanismos que propicien unha mellora de que isto non poida ocorrer, pero repito, cando, evidentemente, un furacán ó mellor non é parecido a unha situación deste tipo de sinistros, pero o que si non está ninguén en condicións de asegurar é que non se volverán a producir, iso si que non está ninguén en condicións de aseguralo.

Polo tanto, nosoutros estamos para apoiar as localidades afectadas, para apoiar ás persoas afectadas, e demostrando, poñendo economías nese senso, estando cada vez máis cerca dos cidadáns, e nosoutros o que pedimos e o que solicitamos non é tratar de dar unha imaxe equívoca, nin equivocada, nin da situación, nin da poboación nin das persoas afectadas, pero eu abundaba antes, é moito máis prudente, actúa con moita máis cautela, a xente que está sufrindo nas súas propias carnes a situación, do que unha boa parte dos políticos están trasladando á opinión pública. E, polo tanto, nese senso non estamos sendo voceiros do sentir popular. Eu creo que neste senso, nosoutros como responsables políticos o que temos é que dar solucións, pór medios, que é o que está facendo nestes momentos desde tódolos ámbitos da Administración. Moitas grazas.

Sr. presidente

Debatido este punto, direi que sen ningunha dúbida atopámonos ante un fenómeno adverso, de grandes magnitudes, e de grandes repercusións sociais, económicas e ecolóxicas tamén. E por suposto que debemos de tomar tódalas medidas e adquirir tódolos medios posibles para que isto non pase no futuro, do cal nunca estamos libres por tódolos miles de petroleiros e outros mercantes con mercancías perigosas, que pasan fronte ás nosas costas. Polo tanto, independentemente de que o cordón marítimo se separe o máximo posible, que teñamos máis barreira en *stock*, en *stand by*, nas nosas costas, que teñamos máis e máis modernos remolcadores, volvo a insistir que iso hai que facelo canto antes, e tamén buques antipolución, nunca estamos libres, pero estou de acordo en que temos que tomar tódalas medidas oportunas para, se é posible, que isto non volva a pasar, e de pasar, que as consecuencias sexan as máis mínimas posibles.

Pero Sr. Fernández Moreda, de verdade que non pode vir vostede agora aquí cunha proposta, cando hai dez anos, nese Pleno do 12 de decembro do 92, curiosamente o mesmo día que aprobaba os orzamentos, nese pleno aprobábanse os orzamentos do 93, cunha proposta con moi boas intencións e reclamacións, pero onde non se achegaba nin un céntimo para colaborar en paliar a problemática do Mar Exeo. E eu pódolle dicir que eses 5.000 millóns que aí están pendentes da resolución xudicial, que é dificilísimo dispor deles, por non dicir imposible e, desde logo, a Xunta de Galicia e o Goberno central non teñen ningunha necesidade neste momento de dispor deses 5.000 millóns de pesetas para actuar como están actuando nas costas galegas, para traer tódolos medios que sexan, para traer se fai falta desde Suecia, para traer avións de recoñecemento e para tomar tódalas medidas de recuperación. Polo tanto, se a Xunta de Galicia ou o Goberno central nalgún momento solicitaran axuda económica da Deputación da Coruña, non teña vostede a menor dúbida de que intentaríamos facer o posible para apoiar, pero neste momento non hai demanda económica ningunha para actuar como se debe actuar nas nosas costas por ningunha institución, por ningunha Administración. E paralelamente a iso, a Deputación da Coruña visitou *in situ* ós concellos e ás confrarías afectadas ós dous días seguintes xa do sinistro, vendo xa como viña a problemática e o que se estaba producindo, e despois de escoitar ós concellos e ás confrarías, que aquí ninguén estivo de costas ós concellos, Sr. Rodríguez Doval, estivemos no sitio como era a nosa obriga, e estivemos escoitando ós sectores afectados. E independentemente de todo o que se está facendo e de tódalas medidas económicas que se están facendo, este presidente entendeu e o seu equipo de goberno que a deputación tiña que colaborar cun Plan complementario, despois, volvo a repetir, de escoitar ós sectores afectados, e ese Plan complementario é un millón de euros para unha rexeración ambiental naqueles concellos afectados, independentemente de tódalas medidas e de tódolos traballos que se fagan, por suposto sempre quedan temas pequenos, e queremos colaborar con ese millón de euros para unha potenciación turística tamén na zona dos concellos afectados, porque creo que isto non só afecta ó sector do mar, senón indirectamente a todos e concretamente a hostalería tamén, e para potenciar e axudar a esa xente. E a partida que

tiñamos para confrarías de 60 millóns de pesetas, se mal non lembro, duplicámolas por dous para, ese aumento que se fai, actuar especialmente nas confrarías afectadas tamén por este tema.

Polo tanto, creo que esta deputación está actuando correctamente, está en colaboración con tódalas institucións e sabemos o que están facendo e, polo tanto, non necesitan neste momento ningún soporte económico da deputación, e sobre todo dun diñeiro que volvo repetir, que se non é difícil, é imposible, creo que dificilísimo, pero practicamente diría imposible, dispor deles tan facilmente como di o Sr. Fernández Moreda.

E iso é todo o que estamos facendo, e desde logo creo que é o que debemos de facer.

E téñolle que dicir, Sr. Rodríguez Doval, que quen está falando é o alcalde de Ribeira asemade, que por suposto que acudiu a moitas manifestacións, non só contra os problemas nos caladoiros marroquís, senón en Santiago e moitas máis, pero tamén lle teño que dicir que o concello de Riberia nunca aprobou ningunha iniciativa de convocar a manifestacións ou mobilizacións. Creo que os concellos, as corporacións, están para outros temas, e tamén entendo que vaia ou non vaia, o que sexa a vontade de cada un, aí están as asociacións, están os partidos políticos que deben de tomar as decisións que consideren oportuno. Creo que as corporacións están para outros temas, non para convocar manifestacións, non para convocar mobilizacións. E voulle insistir en Ribeira nunca se aprobou ningún tema destes e, nembargantes, o seu alcalde e outros membros da corporación, por suposto que acudiron a manifestacións, ou concentracións, como poden acudir calquera dos deputados que están aquí presentes.

Ben, concretando e cerrando, entendo que hai unha moción do grupo popular onde se lle engade o punto número 8 da moción do Bloque Nacionalista Galego, e engádese tamén o último parágrafo da moción presentada polo grupo socialista en nome do Sr. Porto, último parágrafo, e esa é a moción que poñemos a votación o grupo popular, independentemente das mocións, entendín que o Sr. Moreda manteña a súa moción, engadindo a dispoñibilidade deses 5.000 millóns de pesetas, e entendín que o Bloque Nacionalista Galego retira a súa moción. Entón votamos a moción do Partido Socialista, engadíndolle á que temos a literatura aquí que eses 5.000 millóns se destinen para actuacións na Costa da Morte, nosoutros entendemos que non é necesario neste momento, por iso e independentemente da súa dificultade ou dispoñibilidade de dispor deles.

Procédese a votar a moción do PSOE.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (11 do PSOE e 4 do BNG)
Votan en contra: 16 deputados (PP)
Abstéñense: ningún deputado

Decae a moción e procédese a votar a moción do Partido Popular, e engádeselle o apartado 8 da moción do BNG e o derradeiro parágrafo da moción do PSOE.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

“MOCIÓN CONXUNTA DOS TRES GRUPOS POLÍTICOS SOBRE AS MEDIDAS QUE SE HAN TOMAR EN RELACIÓN COS VERQUIDOS DO BUQUE “PRESTIGE” NAS COSTAS DA PROVINCIA.

1.-Instar á Xunta de Galicia:

- a) A creación dunha Comisión Interministerial para que coa colaboración da Unión Europea e do propio Goberno Galego, se poñan en marcha as accións necesarias para paliar os danos económicos sociais e ambientais que se deriven do sinistro do buque Prestige.
- b) A que as medidas extraordinarias e urxentes habilitadas pola Xunta de Galicia, sexan tramitadas coa máxima celeridade. Para tal efecto constituír oficinas temporais nos concellos afectados co obxecto de informar e tramitar as axudas.
- c) A elaboración dun plan de actuacións que contemple todas as tarefas de salvamento, contención, recollida e eliminación de verquidos e rexeneración do litoral, contemplando tanto a recuperación biolóxica como a paisaxística e medioambiental.
- d) A requirir dos organismos competentes a adopción das medidas necesarias para impedir que no futuro se repitan accidentes desta gravidade no litoral, e que se estudie a posibilidade técnica do aloxamento do corredor marítimo

máis alá das 28 millas actuais, para o transporte de cargas potencialmente perigosas.

2.-Instar á Administración central e Europea:

- a) Que con toda urxencia se elabore un real decreto lei de medidas urxentes para facer fronte ás consecuencias económico-sociais para todos os afectados, no que se contemple:
 - Cobertura económica suficiente para todos os colectivos afectados durante todo o tempo que se estendan as consecuencias do sinistro (mariscadores, mariñeiros, empresas de acuicultura e comercializadores).
 - Exención total de pagamentos á Seguridade Social.
 - Exención doutros impostos estatais (IRPF e sociedades) para as persoas e emprezas afectadas.
 - Moratoria de créditos persoais e hipotecarios.
 - Campañas publicitarias financiadas con fondos públicos, para recuperar a imaxe das zonas afectadas como destino turístico.
- b) Que o tránsito de barcos con mercancías perigosas e contaminantes fronte ás costas galegas, que discorre ó abeiro do dereito de paso inocente, se faga con práctico a bordo, ou ben por fóra do mar territorial.
- c) O establecemento de rutas predeterminadas con puntos de notificación obrigatorios, para o acceso ás rías e portos galegos, cando o destino dos buques desas circunstancias sexa Galicia.
- d) Establecer novas normas de utilización de remolcadores, de forma que estes escolten ó barco con mercadorías perigosas ou contaminantes, desde a entrada da ría ata o seu atraque e con remolque firme ó buque.
- e) Promulgar nova normativa en materia de practicaxe, de maneira que, do mesmo modo que se está procedendo á que haxa buques que poidan atracar sen axuda do práctico, aqueles outros considerados sub-estándar -que se clasificarían segundo as normas europeas- se lles obrigaría a recoller ó práctico fóra das rías.
- f) Establecer unha rede de balizas-radar que cubra todos os puntos característicos das entradas de cada ría.

- g) Mellorar a información meteorolóxica subministrada ós barcos, por exemplo, mediante sistemas automáticos de transmisión continua, similares ós ATIS (Automática Terminal Information Service) de uso na aviación comercial.
- h) Dispoñer normas de control marítimo axudado (Advisory Control) de maneira que desde os centros de seguimento de tráfico marítimo se informe ós barcos das diversas circunstancias da navegación.
- i) Establecer procedementos normalizados de entrada e saída de portos e rías.
- j) Fixar requirimentos mínimos de equipos operativos para navegar por augas interiores.
- k) Designar puntos de fondeo dentro das rías ou nas proximidades dos portos, de maneira predeterminada.
- l) Que os novos petroleiros sexan dotados de sistemas duplicados de combustible, propulsión (dos motores en cámaras separadas) e goberno (dúas hélices, dous temóns).
- m) Que nos casos de accidentes de buques sub-estándar, os donos da carga sexan corresponsables das indemnizacións a que dese lugar o sinistro.
- n) Que se estudie a posibilidade de que os responsables da carga perigosa ou contaminante e o seu transporte, ou ben a súa aseguradoras, no caso de accidente con consecuencias para o medio natural, estean obrigados a presentar nun prazo de 24 horas un Plan de limpeza e de reparación de danos, facéndose cargo dos gastos deste desde o principio, previndo, naturalmente, o seu resarcimento posterior, en caso de que se demostre que o accidente non forma parte da súa responsabilidade.
- o) Que as administracións marítimas melloren a calidade e profundidade das inspeccións do estado rector do porto, efectuadas ó abeiro do Memorandum de Paris.
- p) Que se aplique a proposta da Comisión do caso Erika, para crear un fondo especial europeo de compensación polos danos causados pola contaminación.
- q) Que a Comisión Europea desbloquee todos os fondos posibles de compensación, e así mesmo se proceda a mobilizar os fondos FIPOL.

- r) Que pola Comisión Europea se posibilite o concurso de todos os instrumentos europeos posibles para as poboacións afectadas por sinistros, tales como Fondos Estructurais e o recentemente creado Fondo de Solidariedade.
- s) Que se continúe coa mellora dos medios de salvamento e loita contra a contaminación, segundo o acordado no Plan Nacional de Salvamento Marítimo 2002-2005 aprobado polo Goberno, con especial atención a Galicia.
- t) Que pola administración central se artellen campañas de promoción de produtos da pesca, da acuicultura e do marisqueo procedentes da nosa comunidade, facendo especial fincapé na calidade, seguridade e salubridade dos nosos produtos.

3.-Favorecer dentro das actuacións previstas pola deputación para o vindeiro exercicio, o apoio singular a aquelas -ben sexan en programas ou investimentos concretos- que teñan como obxectivo a recuperación das zonas afectadas polo sinistro.

4.-Personarse, en solitario ou de forma conxunta con outras administracións e entidades afectadas polo desastre do “Prestige”, como acusación particular contra a compañía armadora, a empresa aseguradora, o capitán do buque, a empresa responsable do frete, ou de calquera persoa física ou xurídica que tivera participación ou responsabilidade, directa ou indirecta, nos feitos que nos ocupan.”

Ó non haber máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.